




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN DE URXENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NAS FAIXAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN.

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a realización dos traballos de prevención e defensa contra os incendios forestais nas faixas de especial protección que se describen nos anexos V.

2.- Procedemento e forma de adxudicación.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto e forma de concurso E TRAMITACIÓN URXENTE conforme o Art. 71.1 do TRLCAP sendo necesario acelerar a adxudicación por razón do interese público que reside na correcta limpeza das faixas de especial protección, polo carácter preventivo e garante da seguridade veciñal que comportará a súa correcta e completa execución con carácter previo a chegada de situacións climáticas de maior risco, e en virtude do disposto no artigo 208.3 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, con tramitación de urxencia.

3.- Orzamento máximo de licitación.

O orzamento para esta contratación é de 51.522,60 € IVE incluído que se fará efectivo con cargo á partida orzamentaria 533.210.00 do orzamento xeral desta administración.

A todos os efectos, entenderase que nas proposicións económicas que presenten as persoas licitadoras se atopan incluídos todos os gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como gastos xerais financeiros, seguros, honorarios do persoal técnico que preste o servizo, taxas e toda clase de tributos.

4.- Duración do contrato.

Os traballos obxecto do presente contrato deberán estar concluídos, inexcusablemente, antes do 15 de xuño do presente ano.

5.- Revisión de prezos.

Non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

6.- Capacidade para contratar.

1. Poderán concorrer por si ou por medio de representante autorizado, as persoas físicas ou xurídicas que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións para




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: cofreo@arteixo.dicoruna.es

contratar e incompatibilidades a que se refire o artigo 20 do devandito Real decreto lexislativo 2/2000.

2. Agrupacións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con agrupacións de empresas que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto lexislativo 2/2000.

No suposto de resultar adxudicataria a UTE deberá formalizar a mesma, en escritura pública dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación da adxudicación.

7.- Clasificación empresarial.

Para contratar coa Administración a execución dunha obra ou un servizo de orzamento superior á cantidade establecida no artigo 25 do TRLCAP, será requisito indispensable que o contratista obtivese previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do Proxecto ou documentación técnica que obra no expediente.

8.- Lugar de presentación de ofertas.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Arteixo ou por calquera dos medios que se establecen no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo sinalado no epígrafe sete do cadro de características do contrato.

Tamén poderán presentarse proposicións por correos, en cuxo caso a persoa interesada deberá acreditar co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de correos e anunciar o mesmo día ao Órgano de contratación, por FAX, TELEX, ou Telegrama a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos, non será admitida a proposición no caso en que se recibise fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

O Rexistro Xeral de entrada de documentos acreditará a recepción do referido telegrama con indicacións do día da súa expedición e recepción, no Libro de rexistro correspondente.

9.- Proposicións: Documentación a presentar polas persoas licitadoras.

As proposicións constarán de tres sobres pechados, denominados A, B e C e en cada un deles farase constar o contido, na forma que se indicará e o nome da persoa licitadora.

A presentación presume a aceptación incondicionada do contido da totalidade das cláusulas deste prego, así coma do contido das prescricións técnicas.

Os documentos que se acheguen á proposición terán que ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias debidamente compulsadas.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E
BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Sobre A: "Oferta económica", axustada ao modelo que figura como Anexo II. No anverso do sobre figurará a mención "proposición económica para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación de urxencia do servizo de..... presentada por (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Sobre B: "Documentación xeral" (personalidade xurídica, representación e outros xustificantes).

No anverso do sobre figurará a mención "documentación xeral para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación de urxencia do servizo de presentada por..... (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Conterá a seguinte documentación:

1. Instancia solicitando tomar parte na contratación dirixida ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Arteixo, acompañada de fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade do asinante e poder debidamente bastantado, outorgado ao seu favor no caso de que actuase en representación de terceiros ou persoa xurídica, neste caso debidamente inscrito no Rexistro mercantil.
2. Os documentos que acrediten perante a administración a capacidade de obrar das empresas e que serán os seguintes:

2-1) Empresaria/o individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

2-2) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro mercantil, cando este requisito fose esixíbel consonte á lexislación mercantil que lle sexa aplicábel.


De non o ser: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

2.3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou comercial ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

2.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).



CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E
BENS

RELGA N° MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO PELA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

09 ABR. 2008

A SECRETARÍA XERAL

Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

A capacidade de obrar das empresas ~~non españolas~~ do Estado Signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros profesionais ou comercial ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

2.5) Restantes empresas estranxeiras.

1. A capacidade de realizar o servizo das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar previa acreditación pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

2.- Ademais:

- A) Se a empresa é dun país signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, deberá acompañarse informe da Misión diplomática permanente de España ou da Secretaría Xeral de comercio exterior do ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos de contía igual ou superior á prevista no art. 135.1 do TRLCAP, ou en caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o art. 23.1 TRLCAP.
- B) Se a empresa non é dun país signatario de dito acordo deberá acompañarse o informe de reciprocidade emitido pola respectiva Misión diplomática permanente española a que se refire o art. 23.1 do TRLCAP (relativo a que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga).

2.6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): Declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 79.2.d do TRLCAP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: Sucursal en España



CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

CONCELLO DE ARTEIXO
APPROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

09 ABR. 2008

A SECRETARIA Email: correo@arteixo.dicoruna.es

Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (art. 23.2 do TRLCAP).

C) Poderes

Cando a persoa licitadora non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

D) Bastanteo de poderes

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente pola persoa secretaria da Corporación ou persoa funcionaria habilitada.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades.:

Declaración expresa de que a empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 20 do TRLCAP.

F) Pagamento do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pagamento do imposto de actividades económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, acompañado dunha declaración responsábel asinada pola persoa licitadora na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do devandito imposto.

G) Obrigas tributarias e da Seguridade Social:

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Con todo, as persoas licitadoras poderán presentar unha declaración responsábel na que fagan constar que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento de que as obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da administración tributaria e da Seguridade Social, ao obxecto de poder presentala dentro do prazo máximo de cinco días hábiles, a que se refire o art. 79.2.b do TRLCAP.

H) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

As persoas licitadoras deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 16 do TRLCAP e a solvencia técnica mediante:

1. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmo.
2. Declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

I) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírense formalmente en UTE, caso de resultaren adjudicatarias, de conformidade co artigo 24.2 do RGLCAP.

J) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 86 do RGLCAP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

K) Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. deputación da Coruña:

Copia do informe do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. deputación provincial da Coruña ou número de inscrición no Rexistro.
As empresas que figuren inscritas no Rexistro de contratistas da deputación provincial da Coruña (Ordenanza regulamentadora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. deputación provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 de data 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os anteditos documentos nos apartados : A), B), C), D), E), F), G), sempre que os devanditos documentos estean vixentes. Para estes efectos acompañárase copia simple do informe do Rexistro de inscrición ou indicación do número co que se atopa inscrita dita empresa no Rexistro.

L) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co art. 80.1 do RGLCAP.

Sobre C: "Referencias técnicas"

No anverso do sobre figurará a mención "referencias técnicas para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación de urxencia para o servizo de presentada por (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Conterá a seguinte documentación:

1. Relación dos principais servizos prestados no curso dos últimos tres anos relacionados co obxecto deste contrato, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos, acompañada de certificados de boa execución para os máis importantes.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



2. Reducción de prazos de execución. A empresa presentará, no seu caso, unha proposta debidamente xustificada da redución nos prazos de execución dos traballos. A estes efectos, tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.
3. Relación do persoal cualificado proposto pola persoa licitadora para a prestación do servizo, número de traballadores a empregar, horario, etc.
4. Relación de maquinaria, vehículos, etc. que se porán a disposición do servizo obxecto do presente contrato.

10. Garantía provisional

Consonte co establecido no artigo 35 do TRLCAP non se esixirá a prestación de garantía provisional.

11. Apertura de plicas e adxudicación.

Para os efectos da selección das propostas constituirase a Mesas de Contratación, cuxa composición foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de xuño de 2003, modificada por Resolución de la Alcaldía-Presidencia nº 2312/06.

A Mesa de Contratación constituída en sesión non pública, procederá á cualificación da documentación xeral presentada polas persoas licitadoras. De observárense deficiencias materiais corrixíbeis poderase conceder, un prazo de tres días para que a persoa licitadora as corrixa.

A continuación, e en sesión pública procederase á apertura das proposicións económicas de cada de cada un dos licitadores admitidos.

A apertura de plicas terá lugar no quinto día hábil seguinte ao que remate o prazo de presentación de proposicións, no Salón de Plenos da Casas do Concello ás 12:00 horas.

A Mesa de Contratación solicitará os informes técnicos que estime pertinentes, emitidos os cales, elevará proposta de adxudicación ao Órgano de Contratación xunto con todo o actuado.

O Órgano de Contratación, recibida a documentación da Mesa de Contratación e redactados os informes técnicos oportunos, ditará alternativamente, dentro dos tres meses seguintes á apertura de proposicións económicas, resolución motivada adxudicando o contrato á proposición máis vantaxosa, sen atender exclusivamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso se non se adecúan as ofertas ás necesidades dos servizos a satisfacer para os intereses municipais.

12. Criterios de valoración das ofertas



CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN ARTEIXO
BENS

RELGA N.º MU 2000 / 14

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 60 25 28

E-mail: correo@arteixo.dicoruna.es

O Órgano de Contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposta máis vantaxosa sen atender necesariamente ao valor económico da mesma ou declarar deserto o concurso.

Os criterios de valoración que servirán de base á adxudicación do concurso, relacionados por orde decrecente de importancia e coa correspondente ponderación, serán os seguintes:

- a) Oferta económica (de 0 a 20 puntos).
- b) Redución do prazo de execución dos traballos (de 0 a 55 puntos).
- c) Cantidade de medios materiais e persoais adscritos especificamente o cumprimento do obxecto contractual. (de 0 a 25 puntos).

Total puntuación máxima: 100 puntos

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas obteñan igual puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores eivados (non inferior ao 2%) de acordo co establecido na Disposición adicional 8ª do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

13. Formalidades previas: Garantía definitiva.

O adxudicatario, no prazo de quince días hábiles desde a data de notificación da adxudicación e como requisito previo á formalización do contrato, deberá constituír unha garantía definitiva polo importe do 4% do importe da adxudicación. Dita garantía terá que ser constituída en calquera das formas a que se refire o artigo 36 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

14. Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinale a administración contratante, dentro do prazo dos trinta días naturais a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación.

15. Gastos a cargo do adxudicatario

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de anuncios que xere o concurso e os preparatorios e de formalización do contrato, así coma os tributos que pesan sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

A persoa adxudicataria desenvolverá os seus traballos con estrito cumprimento do disposto nas prescricións técnicas incorporadas ao presente prego e as melloras que se ofrezan, segundo as instrucións e as directrices que en cumprimento do mesmo reciba da administración.

16. Forma de pagamento

O pagamento efectuarase previa presentación da factura e dunha memoria desglosada dos servizos realizados por parte da entidade adxudicataria.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N° MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Telf.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruntes

17. Persoal e materiais

1. O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcionarial ou de natureza análoga respecto ao Concello de Arteixo, debendo dita empresa ter debidamente informado ao persoal de dito extremo.
2. A empresa adxudicataria comprométese a ter debidamente dado de alta ao persoal no réxime xeral da Seguridade Social e cumprir todas as obrigas legais contractuais respecto do mesmo.
3. Por tratarse dun contrato sobre prestación dun determinado servizo, o adxudicatario, caso de que non execute os traballos directamente, estará obrigado a contratar persoal pola súa conta e risco, que dependerá a todos os efectos do adxudicatario, quen deberá cumprir todas as normas vixentes e obrigas impostas en materia de accidentes, xornada laboral, seguros sociais, mutualismo laboral e demais normas que se diten en relación cos traballadores empregados.
4. A adquisición de todo tipo de material para a prestación do servizo será de conta e risco do adxudicatario, así coma os gasto de conservación e mantemento para un perfecto funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

O Concello entenderá que o material, maquinaria, produtos, etc. ofrecido na proposta foi considerado polo licitador como suficiente para a realización do servizo, e de non resultar así, o adxudicatario deberá adquirir, polo seu risco e ventura, o preciso para a súa correcta prestación, baixo pena de que se lle impoñan as multas e se lle esixan as responsabilidades a que houbese lugar.

18. Dirección e inspección do servizo.

Correspóndelle ao Concello exercer dunha maneira continuada e directa a inspección do servizo contratado, a estes efectos o Concello poderá examinar en calquera momento a realización dos traballos.

19. Prazo de garantía.

Neste contrato non se esixirá período de garantía en razón da natureza do seu obxecto, dado que transcorrido o período e informado polos técnicos municipais que foi realizado consonte se especifica no presente prego, xa se pode garantir a súa adecuación ao obxecto contractual e a súa calidade técnica, con devolución da fianza definitiva.

20. Danos e perdas

O contratista quedará suxeito a resarcir os danos e indemnizar as perdas que se causen, derivados do prazo perentorio que se establece para a execución dos servizos contratados.



CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E
BENS

RELGA N° MU 2000 / 141

Trav Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

09 ABR. 2008

A SECRETARIA XERAL Email: correo@arteixo.dicoruna.es

Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Asemade, e ante a posibilidade de accidentes entre os operarios ou de persoas ou cousas, esixiráselle ao contratista a subscrición dunha póliza de seguros de responsabilidade civil de danos a terceiros cunha garantía mínima de 300.000€.

21. Resolución do contrato

Segundo o disposto no Real decreto legislativo 2/2000, serán causas de resolución do contrato todas as especificadas no seu art. 112 e 214.

22. Réxime xurídico

1. Con suxeición ao Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato obxecto do prego e resolver as dúbidas que puidesen presentar o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público o contrato e acordar a resolución, así como determinar os efectos desta. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

2. Contra os actos que poñan fin á vía administrativa porá interperse recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo nos termos que establece a Lei 30/1992, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contencioso-administrativa.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN
BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



ANEXO I CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. **Obxecto do servizo:** Prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais nas faixas de especial protección.
2. **Tipo de licitación:** O orzamento para esta contratación é de 51.522,60 € IVE incluído.
3. **Partida:** 533.210.00 do orzamento xeral desta administración.
4. **Duración do contrato:** Os traballos obxecto do presente contrato deberán estar concluídos, inexcusablemente, antes do **15 de xuño** do presente ano.

5. Acreditación de solvencia e clasificación empresarial:

As persoas licitadoras deberán xustificar a solvencia económica financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 16. do TRLCAP

A solvencia técnica acreditarase mediante:

1. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmo.
2. Declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.

Para poder tomar parte nesta contratación, non se esixe clasificación empresarial.

6. Lugar de presentación de proposicións: As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro xeral de entrada do Concello de Arteixo ou por calquera dos medios que se establecen no artigo 38.4 da Lei 30 / 1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo sinalado no epígrafe 7 do cadro de características do contrato.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, en cuxo caso o interesado deberá acreditar co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de correos e anunciar o mesmo día ao Órgano de contratación por Fax, Telefax ou Telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos, non será admitida a proposición no caso en que se recibise fóra do prazo de presentación de ofertas.



CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 1411

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

09 ABR. 2008

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

A SECRETARIA XERAL

O Rexistro xeral de entradas de documentos acreditará a recepción do referido telegrama con indicacións do día da súa expedición e recepción, no libro de rexistro correspondente.

7. Prazo de presentación de proposicións: trece días naturais, a contar desde o seguinte ao da data da última publicación do correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

8. Fianza provisional: Non se esixe.

9. Fianza definitiva: 4% do contrato.

10. Prazo de garantía: Non procede.

11. Publicidad de licitación a conta do contratista.

A).- DIARIOS OFICIAIS

	SI	TARIFA		NON
		ORDINARIA	URXENTE	
BOP	X		X	

B) PRENSA:

Diario onde se publica: LA OPINION DE A CORUÑA




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 - 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

A SECRETARÍA XERAL

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN

D. con domicilio en rúa
..... nº Teléfono:, con DNI, pasaporte
ou documento que o substitúa nº:, actuando en nome propio (ou
en representación de con DNI ou CIF nº: e
domicilio na rúa, nº: Teléfono:), toma parte
no concurso con procedemento aberto e tramitación de urxencia, da prestación do
servizo de a cuxos efectos fai constar:

1º. Que ofrece o prezo de€, IVE incluído, o que supón unha baixa
de€ en relación co tipo de licitación.

2º. Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Condicións do
presente contrato.

3º. Que achega a documentación esixida no Prego de Condicións.

En o de de

A persoa licitadora (asinado e rubricado)




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E BENS

RELGA N° MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

ANEXO III

MODELO DE SOBRE

- A. OFERTA ECONÓMICA
- B. DOCUMENTACIÓN
- C. REFERENCIAS TÉCNICAS

Proposición para tomar parte na contratación dos traballos de
presentada por Teléfono..... Fax
.....

En o de de 200

A persoa licitadora (asinado e rubricado)

Indicar A, B ou C segundo a documentación que corresponda.




CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS CONTRATACIÓN E
BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28

Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CRITERIOS DE VALORACIÓN

a) Oferta económica (de 0 a 20 puntos)

Este criterio valorarase proporcionalmente de modo que ao menor precio outorgaráselle a puntuación máxima por este concepto, valorando os restantes proporcionalmente.

b) Reducción do prazo de execución dos traballos (de 0 a 55 puntos).

Este criterio valorarase proporcionalmente de modo que ao menor prazo ofertado outorgaráselle a puntuación máxima por este concepto, e ós restantes valoraranse proporcionalmente.

